

Estas unidades didácticas teñen o obxectivo de fornecer recursos e estratexias ao profesorado interesado en crear ambientes de aprendizaxe para favorecer a argumentación e a indagación nas clases de ciencias. As tarefas están deseñadas para que o alumnado tome parte no uso de probas, na construción de argumentos e de modelos sobre dous temas: o modelo de expresión dos xenes e a transferencia de enerxía nos ecosistemas. Ambas son cuestións socio-científicas, a expresión dos xenes está relacionada coa comprensión das interaccións entre xenes e ambiente que orixinan características e desempeños, con ser capaz de criticar perspectivas deterministas. Do mesmo modo, comprender a transferencia de enerxía nos ecosistemas é necesario para debater e decidir sobre a xestión sustentable de recursos, por exemplo, cuestións relacionadas co esgotamento dos recursos pesqueiros.

Este documento está dispoñible [www.rodausc.eu](http://www.rodausc.eu)

## ARGUMENTACIÓN NA AULA: DÚAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Blanca Puig | Beatriz Bravo Torija | María Pilar Jiménez Aleixandre



Proxecto Science Teacher Education Advanced Methods (S-TEAM)  
Financiado pola Unión Europea, 7º Programa Marco (FP7)

